

# Universidade de Vigo Campus de Vigo

## Diplomatura en CIENCIAS EMPRESARIAIS

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

### DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS

A Diplomatura en Ciencias Empresariais concíbese como unha carreira conducente á obtención dun título finalista e diferenciado que, sobre unha base curricular especializada, capacite os diplomados para desempeñar unha función no mercado laboral propia da xerencia e asesoramente empresarial. A empresa configúrase así como un obxectivo global ao redor do cal xirarán as funcións e actividades que poidan ser encomendadas a estes titulados. Considérase que as funcións profesionais que os diplomados en Ciencias Empresariais deben cumprir se desenvolven nos campos do exercicio libre da profesión (asesoramento de empresas e particulares), do exercicio na empresa e nas distintas administracións públicas.

Á parte do anterior os diplomados poiden acceder ao segundo ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas. De acordo coa normativa vixente para o acceso automático ao segundo ciclo desa licenciatura, os diplomados en Ciencias Empresariais deben ter catro créditos de Microeconomía e catro créditos de Macroeconomía. Estes créditos poden cursarse dentro da EUEE ou estar previstos nas materias optativas de 2º curso. Así mesmo, poden acceder a outros segundos ciclos de acordo coas pasarelas respectivas.

### ESTRUTURA

O plan de estudos pretende que os titulados en Ciencias Empresariais adquiran unha formación que cubra as necesidades das empresas. Desta forma, os tres cursos que integran o plan de estudos estrutúranse da maneira seguinte:

- Ao longo do primeiro curso considéranse, fundamentalmente, todas aquelas materias que teñen un carácter básico para o desenvolvemento das posteriores, e todas son de carácter troncal e obrigatorio. Neste primeiro curso, o alumno deberá optar por un idioma empresarial-comercial, e escoller entre inglés, francés ou alemán.
- O segundo curso configúrase, basicamente, con materias que teñen un carácter finalista dentro da titulación e que lle permiten ao alumno ter unha visión ampla desta. Ao mesmo tempo, o alumno terá que comezar a formar o seu currículo ao ter que escoller dúas materias optativas.
- O último curso caracterízase pola liberdade do alumno na formación do seu currículo nunha dobre vertente. Por unha banda, ofrécenselle cinco bloques configuradores con diferentes orientacións, e, por outra, dispón de créditos de libre elección que lle permiten complementar a súa formación naqueles campos que considere máis interesantes dentro das súas preferencias profesionais futuras. Cómpre salientar que estes créditos de libre elección poderán cursarse no propio centro de acordo coa oferta de libre elección deste, segundo distintas alternativas: materias doutros bloques configuradores distintos ao escollido (agás aquelas con idéntica denominación), materias optativas de segundo curso non cursadas previamente, materias de libre elección de titulación ofrecidas polo centro para os seus alumnos, materias da oferta xeral de libre elección da Universidade impartidas no centro, e cursos e seminarios con recoñecemento de créditos aprobado.

### ACCESO

#### Vías de bacharelato LOXSE

Científico-Tecnolóxica (Matemáticas e Física)

Ciencias da Saúde (Bioloxía e Química)

Ciencias Sociais (Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais e Xeografía)

#### Opcións de COU

Científico-Tecnolóxica

Biosanitaria

Ciencias Sociais

#### Ciclos formativos de grao superior de FPE e das familias

Administración

Comercio e Mercadotecnia

Hostalaría e Turismo

Imaxe persoal (profesión de asesoría de imaxe persoal)

Informática

#### Ramas de FP2

Administrativa e Comercial

Hostalaría e Turismo

Perrucaría e Estética (especialidade de Perrucaría)

### PASARELAS

#### Con este título accédese directamente a:

- Licenciatura en Ciencias Actuariais e Financeiras.

#### Con este título accédese, mediante uns complementos de formación previos, a:

- Licenciatura en Ciencias do Traballo.
- Complementos de formación: 9 créditos en Historia político-social, 9 créditos en Socioloxía e 9 créditos en Psicoloxía.
- Licenciatura en Ciencias e Técnicas Estatísticas.
- Complementos de formación: entre un mínimo de 9 créditos e un máximo de 24, distribuídos entre as seguintes materias: Análise matemática, Estatística e probabilidade, Fundamentos de informática. O alumno terá superados, ben nos estudos de procedencia, ben nos complementos de formación polo menos 12 créditos en Matemáticas, 6 créditos en Informática e 6 créditos en Estatística.
- 2º ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas. Complementos de formación: 4 créditos en Macroeconomía e 4 créditos en Microeconomía.

- 2º ciclo da Licenciatura en Economía.
- Complementos de formación: 9 créditos en historia económica e de España mundial, 4 créditos en Macroeconomía e 4 créditos en Microeconomía.
- Licenciatura en Investigación e Técnicas de Mercado.
- Complementos de formación: Economía: coñecementos básicos de macroeconomía (8 créditos: 6 teóricos e 2 prácticos). Técnicas de investigación social: coñecemento e dominio da metodoloxía elemental das ciencias sociais e das súas técnicas de investigación (8 créditos: 5 teóricos e 3 prácticos).

**Con este título pódese acceder ao 2º ciclo dos seguintes títulos:**

- Licenciatura en Comunicación Audiovisual
- Licenciatura en Humanidades
- Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
- Licenciatura en Tradución e Interpretación
- Licenciado en Xornalismo

**Con este título pódese acceder a títulos de só 2º ciclo:**

- Licenciatura en Documentación
  - Licenciatura en Estudos de Asia Oriental
  - Licenciatura en Historia e Ciencias da Música
  - Licenciatura en Lingüística
  - Licenciatura en Teoría da Literatura e Literatura Comparada
- Para todos eles cos complementos de formación desde calquera título de 1º ciclo ou desde o 1º ciclo de calquera título.

## PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Contabilidade financeira I	T	12
Matemáticas	T	9
Estatística	T	9
Socioloxía da empresa I	O	4.5
Historia económica mundial	O	4.5
Idioma empresarial-comercial I	O	4.5
Introdución ao dereito empresarial	T	4.5
Economía política	T	6
Introdución á economía da empresa	T	6

## SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Organización e administración de empresas	T	9
Matemáticas financeiras I	T	6
Economía española e mundial I	T	6
Informática aplicada á xestión da empresa	T	6
Contabilidade de sociedades	O	4.5
Dirección comercial	T	9
Dirección financeira	T	9
Contabilidade de custos I	T	4.5
Dereito laboral	T	4.5
Dereito tributario	T	4.5
Optativa I	OP	4.5
Optativa II	OP	4.5

Nota: o alumno deberá cursar dúas das materias que figuran no cadro de materias optativas.

## MATERIAS OPTATIVAS

Disciplinas	Tipo	Créditos
Microeconomía	O	4.5
Macroeconomía	O	4.5
Comercio internacional	O	4.5
Economía da Unión Europea	O	4.5
Idioma empresarial-comercial II	O	4.5
Lexislación mercantil	O	4.5
Historia económica da empresa	O	4.5
Economía española e mundial II	O	4.5
Economía galega	O	4.5

## TERCEIRO CURSO

### ORIENTACIÓN 1: ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas I	O	6
Contabilidade de custos II	T	4.5
Fiscalidade	O	4.5
Investigación operativa	O	4.5
Loxística empresarial	O	4.5
Sistemas de información para a dirección	O	4.5
Fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Creación de empresas	O	4.5
Dirección de empresas II	O	4.5
Idioma empresarial	O	4.5

### ORIENTACIÓN 2: DIRECCIÓN COMERCIAL E MÁRketing

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas I	O	6
Contabilidade de custos II	T	4.5
Investigación de mercados	O	4.5
Márketing internacional	O	4.5
Técnicas de comercio exterior	O	4.5
Técnicas de mostraxe	O	4.5
Fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Dirección de empresas II	O	4.5
Idioma comercial	O	4.5
Márketing estratéxico	O	4.5

### ORIENTACIÓN 3: FINANZAS

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas I	O	6
Contabilidade de custos II	T	4.5
Contabilidade superior	O	4.5
Matemáticas financeiras II	O	4.5
Planificación financeira	O	4.5
Sistemas e mercados financeiros	O	4.5
Fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Análise bolsista	O	4.5
Tributación das operacións financeiras	O	4.5
Xestión bancaria	O	4.5

### ORIENTACIÓN 4: RECURSOS HUMANOS

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas I	O	6
Contabilidade de custos II	T	4.5
Estatística aplicada	O	4.5
Relacións laborais e da Seguridade Social no ámbito da empresa	O	6
Socioloxía do traballo	O	4.5
Fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Métodos e técnicas de investigación social	O	6
Organización e xestión de recursos humanos	O	6
Socioloxía da empresa II	O	4.5

## ORIENTACIÓN 5: CONTABILIDADE E AUDITORÍA

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas I	O	6
Contabilidade de custos II	T	4.5
Contabilidade financeira II	O	6
Fiscalidade	O	4.5
Organización contable e contabilidade sectorial	O	4.5
Fiscalidade da empresa	O	4.5
Prácticum	O	4.5
Análise e consolidación de estados contables	O	6
Contabilidade de xestión	O	4.5
Auditoría de estados contables	O	6

- T** Troncal                      **OX** Optativa xeral  
**O** Obrigatoria                **LE** Libre elección  
**OP** Optativa obrigatoria

### Ficha

Titulación	Diplomatura en Ciencias Empresariais
Centro	Escola Universitaria de Estudos Empresariais
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	01/02
Data do B.O.E.	04/12/01

### Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
109.5	33	40.5	20.5	Non	203.5

### Información

Escola Universitaria de Estudos Empresariais  
Rúa de Torrecedeira, 105  
36208 Vigo  
Tfno.: 986 813 748 Fax: 986 813 746  
Correo electrónico: sdeueev@uvigo.es  
<http://www.euee.uvigo.es>

### Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles  
Campus de Vigo  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639  
Correo electrónico: siope@uvigo.es  
[www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)